



Área / Unidad INFORMATICA IF0000 JOT	Documento A3116I011T	
Código de verificación  4G68 1752 151R 2S2W 1C9D	Expediente A31/2022/98	
	Fecha 27-09-2022	
Asunto Informe-propuesta sobre consulta pública ORDENANZA de Administración digital	Interesado AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA	

INFORME-PROPOSTA

ASUNTO: INFORME SOBRE A CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE REDACTAR E APROBAR UNHA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN DIXITAL NO CONCELLO DA CORUÑA E INICIO DA TRAMITACIÓN DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A DEVANDITA NORMA

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior, prevé impulsar unha nova Ordenanza municipal reguladora da administración dixital no Concello da Coruña, co obxecto de substituír e actualizar de forma integral a normativa municipal pola que se rexía ata agora este sector de actividade.

O pleno da corporación municipal da Coruña aprobou de forma definitiva, en sesión celebrada o 6 de outubro de 2014, a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello da Coruña, publicada no [BOP número 199, do 17 de outubro de 2014](#).

O Concello da Coruña, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel tecnolóxico, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, articula a referida ordenanza co fin, non só de regular, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía, ás empresas e ás demais institucións públicas e privadas.

Neste sentido, coa aprobación definitiva da ordenanza mencionada, levada a cabo o 6 de outubro de 2014, o Concello da Coruña foi pioneiro na creación dunha base reguladora para o impulso da sociedade dixital e do coñecemento, co fin de incrementar a confianza dixital da cidadanía mediante a devandita ordenanza da administración electrónica.

Nos últimos oito anos, esta ordenanza logrou despregar un conxunto de servizos á cidadanía canalizados a través de medios electrónicos, e permitiu ao Concello achegarse ás persoas a través desta modalidade. Sen embargo, os avances alcanzados a nivel tecnolóxico ofrecen novas posibilidades que permiten crear un modelo máis áxil, sistemático e seguro, que supera as capacidades da ordenanza de 2014.

Este proceso de modernización experimentado durante os últimos anos afectou ao resto das administracións públicas, que tamén se atopan, hoxe en día, máis preparadas para a relación telemática logo de desenvolver sistemas e plataformas de interoperabilidade e intercambio de datos de maneira eficiente e segura.

As leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como o Real Decreto

COPIA AUTÉNTICA. Este documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Servicio Informático Municipal (JORGE CHACON SOUTO) a las 18:16 del día 30/09/2022. X. Servicio Innovación e Des. Tecnol. (JOSE MARIA ARES ABALO) a las 16:25 del día 01/10/2022. Dir. Área de Economía, Facenda e Réxime Interior (MANUEL ANGEL JOVE LOSADA) a las 10:50 del día 03/10/2022 y por Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (JOSE MANUEL LAGE TUNAS) a las 17:02 del día 03/10/2022. Mediante el código de verificación 4G681752151R2S2W1C9D puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, consolidan un novo modelo de xestión pública que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.

Estes cambios normativos constitúen unha oportunidade para o Concello da Coruña, non só para conseguir que os medios electrónicos pasen a ser a canle habitual para relacionarse coa cidadanía, senón tamén para aproveitálos e lograr un modelo máis proactivo e eficiente, no que a Administración se adiante ás necesidades da cidadanía e das empresas.

A elaboración e aprobación da nova Ordenanza municipal reguladora da administración dixital no Concello da Coruña require da realización dunha consulta pública previa co obxecto de recadar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que poidan considerarse interesadas ou afectadas por esta nova regulación municipal.

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública.

Por outra banda, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

Por todo o exposto, propónse:

PRIMEIRO.- Someter ao trámite de consulta pública previa previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o texto relativo á Ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña que figura como anexo deste informe proposta.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 20 días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste documento na páxina web municipal www.coruna.gal para que as persoas ou entidades interesadas poidan formular as achegas ou suxestións que consideren oportunas.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Jorge Chacón Souto
Xefe do Servizo de Informática

José María Ares Ábalo
Xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica

Manuel Ángel Jove Losada
Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

CONFORME,
José Manuel Lage Tuñas
Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Servizo Informática Municipal (JORGE CHACON SOUTO) a las 18:16 del día 30/09/2022. X. Servizo Innovación e Des. Tecono. (JOSE MARIA ARES ABALO) a las 16:25 del día 01/10/2022. Dir. Área de Economía, Facenda e Réxime Interior (MANUEL ANGELO JOVE LOSADA) a las 10:50 del día 03/10/2022 y por Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (JOSE MANUEL LAGE TUÑAS) a las 17:02 del día 03/10/2022. Mediante el código de verificación: 4G681752151R2S2W1C9D puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web: <https://sede.coruna.gal/>



ANEXO: TEXTO QUE SE SOMETERÁ AO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O ANTEPROXECTO DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN DIXITAL NO CONCELLO DA CORUÑA

1. ANTECEDENTES

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior, prevé impulsar unha nova Ordenanza municipal reguladora da administración dixital no Concello da Coruña, co obxecto de substituír e actualizar de forma integral a normativa municipal pola que se rexía ata agora este sector de actividade.

O pleno da corporación municipal da Coruña aprobou de forma definitiva, na sesión celebrada o 6 de outubro de 2014, a Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello da Coruña, publicada no BOP número 199, do 17 de outubro de 2014.

O Concello da Coruña, consciente dos profundos cambios que se están a producir a nivel tecnolóxico, que teñen un impacto directo sobre a vida cotiá das persoas, articula a referida ordenanza co fin, non só de regular, senón tamén de mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía, ás empresas e ás demais institucións públicas e privadas.

Neste sentido, coa aprobación definitiva da ordenanza mencionada, levada a cabo o 6 de outubro de 2014, o Concello da Coruña foi pioneiro na creación dunha base reguladora para o impulso da sociedade dixital e do coñecemento, co fin de incrementar a confianza dixital da cidadanía mediante a devandita ordenanza da administración electrónica.

Nos últimos oito anos, esta ordenanza logrou despregar un conxunto de servizos á cidadanía canalizados a través de medios electrónicos, e permitiu ao Concello achegarse ás persoas a través desta modalidade. Sen embargo, os avances alcanzados a nivel tecnolóxico ofrecen novas posibilidades que permiten crear un modelo máis áxil, sistemático e seguro, que supera as capacidades da ordenanza de 2014.

Este proceso de modernización experimentado durante os últimos anos afectou ao resto das administracións públicas, que tamén se atopan, hoxe en día, máis preparadas para a relación telemática logo de desenvolver sistemas e plataformas de interoperabilidade e intercambio de datos de maneira eficiente e segura.



As leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, consolidan un novo modelo de xestión pública que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.

Desde o punto de vista da cidadanía, recoñécense unha serie de dereitos das persoas, entre os que destaca o de elixir a canle a través da cal se relacionan coa administración, canle que obrigatoriamente deberá ser a electrónica para o caso das persoas xurídicas e para determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa, outro dos principios inspiradores das reformas legais mencionadas, plásmase fundamentalmente na posibilidade de presentar unha declaración responsable, ademais do dereito de non presentar ningún documento que se elabore na propia Administración Pública. Sen dúbida, tamén supón unha simplificación a xeneralización, na medida do posible, do uso dos sistemas de identificación electrónica para as relacións entre a administración e a cidadanía, relegando a necesidade de sinatura aos supostos estritamente taxados pola lei.

Desde o punto de vista da Administración, débense implantar os mecanismos necesarios para facer efectivos eses dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico. O Concello da Coruña disporá dun rexistro electrónico xeral, no que se fará o correspondente asento de todo documento que se presente ou que se reciba en calquera órgano ou unidade administrativa. O expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, componse de documentos electrónicos, tales como probas, informes ou ditames, tramitados e asinados electronicamente.

O arquivo, adaptado ás directrices do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), tamén será único e suporá o almacenamento, seguro e confidencial, por medios electrónicos, dos documentos electrónicos que se correspondan con procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.



Desde o punto de vista da tramitación dos expedientes, a clave reside na sinatura electrónica, debendo de estar todos/as os/as empregados/as públicos/as que teñan algunha responsabilidade na tramitación do procedemento en posesión dun certificado cualificado de firma, ben para asinar, en sentido estrito, ben para tramitar ou remitir información. Xunto coa sinatura electrónica asociada directamente á persoa, destaca a xeneralización da actuación administrativa automatizada, a través de selos de entidade, de órgano e de tempo, esencialmente.

Estes cambios normativos constitúen unha oportunidade para o Concello da Coruña, non só para conseguir que os medios electrónicos pasen a ser a canle habitual para relacionarse coa cidadanía, senón tamén para aproveitálos e lograr un modelo máis proactivo e eficiente, no que a Administración se adiante ás necesidades da cidadanía e das empresas.

Conceptos como Intelixencia artificial (IA), Big Data, Cloud Computing (computación na nube), Blockchain ou Robotic Process Automation (robotización) conforman disciplinas que marcarán o camiño tecnolóxico das Administracións Públicas durante os próximos anos, e neste sentido, o Concello da Coruña non se quere quedar atrás.

En definitiva, unha Administración cada vez máis próxima á cidadanía require conxugar un conxunto de esforzos e sinerxías orientados ao logro da eficacia e da eficiencia na asignación dos recursos, ao impulso da transparencia e á axilización dos procedementos administrativos.

A potenciar o acceso electrónico e a garantir o coñecemento dos dereitos da cidadanía, así como os mecanismos para o seguimento e a reclamación destes dereitos. Todo iso nun marco xeral caracterizado pola calidade, a mellora continua, o impulso da participación da cidadanía nos asuntos públicos e a incorporación das tecnoloxías emerxentes no sector público municipal. Tecnoloxía que en todo caso, lonxe de crear fendas dixitais, debe contribuír desde o sector público a facilitar procesos de integración social.

2. OBXECTIVOS



A nova Ordenanza de administración dixital figura como un dos elementos tractores definidos polo Concello da Coruña, cuxa finalidade reside en configurar unha contorna tecnolóxica municipal que presenta múltiples vantaxes:

- Diminución dos tempos de resolución de trámites.
- Simplificación e automatización de procedementos e procesos a través das tecnoloxías emerxentes.
- Homoxeneización e normalización das actuacións administrativas.
- Incremento da interoperabilidade da entidade local con outras administracións públicas, a nivel local, autonómico, estatal e europeo.

Esta Ordenanza conta, como finalidades principais, coas seguintes:

- a) Ampliar os principios xerais para o desenvolvemento da administración electrónica, así como a participación cidadá a través de medios electrónicos.
- b) Incorporar aos procedementos administrativos as melloras que achega o uso dos medios electrónicos e das novas tecnoloxías.
- c) Mellorar a eficacia e a eficiencia da actuación administrativa dos/das empregados/as públicos/as, así como da súa relación coa cidadanía.
- d) Establecer un modelo de xestión pública baseado no uso eficiente dos datos e dos medios tecnolóxicos do sector público municipal, coa vocación de reducir as cargas administrativas que pesan sobre as persoas e as empresas.

A ordenanza será de aplicación a todas as entidades, organismos ou sociedades que conforman o sector público local do Concello da Coruña, nos termos que se determinen.

Así mesmo, será de aplicación ás empresas adxudicatarias de contratos de xestión de servizos públicos municipais, sempre que así o dispoñan os pregos de licitación ou outros documentos contractuais, para as súas relacións coa entidade local e coa cidadanía, no marco da prestación dos servizos públicos correspondentes.



Co obxectivo de implantar a administración dixital de forma eficiente, a entidade local disporá dunha Plataforma de Servizos Dixitais para o deseño dos servizos públicos baseada nos seguintes principios:

- a. Axilidade na tramitación.
- b. Uso de tecnoloxías emerxentes.
- c. Capacidade de personalización.
- d. Propiedade do código fonte.
- e. Solución responsive.
- f. Interoperabilidade.

3. PRINCIPAIS ASPECTOS QUE REGULA

Ademais dos principios xerais, organizativos, de difusión da información e de acceso dixital da cidadanía, a nova ordenanza deberá tamén regular:

- Os dereitos e deberes da cidadanía en relación coa administración dixital.
- A gobernanza da administración dixital.
- O goberno dos datos.
- O catálogo dos servizos dixitais.
- A ciberseguridade na administración dixital.
- A sede electrónica municipal.
- Os sistemas de identificación e sinatura electrónica.
- O acceso á información polos membros da corporación municipal da Coruña.
- O procedemento administrativo electrónico.
- O arquivo electrónico.

4. POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS

O Concello da Coruña podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1ª) Manter a vixencia da actual normativa municipal en materia de administración electrónica aprobada no ano 2014, someténdoa unicamente a unha modificación parcial.

Esta alternativa non permitiría unha actualización integral conforme ao novo marco normativo derivado da entrada en vigor das Leis 39 e 40 de 2015, en materia de procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público, un escenario que está a consolidar un modelo diferente de xestión pública, que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.



Por outra parte, a nova regulamentación municipal en materia de administración dixital debe incorporar os intensos avances tecnolóxicos, que ofrecen novas posibilidades para un modelo de xestión pública máis áxil, sistemático e seguro, avances que superan as capacidades da ordenanza de 2014.

2ª) Fronte a todo o exposto, considérase que a aprobación dunha nova ordenanza reguladora da administración dixital no Concello da Coruña dará unha resposta máis axeitada ao conxunto dos problemas descritos nos antecedentes deste texto.

5. CANLE DE PARTICIPACIÓN

Os cidadáns e cidadás e as entidades que así o consideren oportuno poderán facer chegar as súas opinións ou suxestións sobre os aspectos formulados no texto desta consulta durante os 20 días hábiles que durará o período de información pública, a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación na web municipal www.coruna.gal. Así, poderán achegar as súas propostas a través do formulario que se habilitará ao efecto na web.